

Un caso de privatización de montes veciñais nas Mariñas de Betanzos: (1848-1854)

ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ*

INTRODUCCIÓN¹

O proceso polo que os 13 veciños do lugar de Mangoño na parroquia de Salto (concello de Oza dos Ríos, A Coruña) se convirten diante do réxime liberal en propietarios dos xa seus (consuetudinariamente) montes comúns, vale a pena coñecelo porque, en pequeno, amósanos un fenómeno que, aquí xermolado en tempos cedos (1848), se irá dando pola meirande parte do mundo rural galego.

Ten este caso matices suficientes como para permitirmos, por unha banda, enmarcalo nun contexto máis amplo e, pola outra, atender eses aspectos da microhistoria que, moitas veces, son os que dan luz definitiva a feitos somente albiscados nas súas liñas xerais.

O monte, e particularmente o monte común, no sistema tradicional, era un pilar básico da economía agrícola e gandeira en Galicia.

Para empezar, a principios do s. XIX, o 75% da superficie de Galicia era monte, a comenzos do s. XX érao o 66% e hoxe aínda o é un 63%². Nel facíanse as rozas rotatorias (cavar, queimar, cultivar e recoller) das que se obtiñan cereais suplementarios (centeo, trigo) que servían de alimento e con eles tamén se pagaban as rendas. Despois alí se sembraba un cultivo rexenerativo que servía de pasto, e finalmente volvía o toxo. Éste tamén servía de pasto mentres era novo, para esterco despois e, por último, era a leña coa que se facía o codoiro do pan. É evidente que sen unha gran superficie de monte que proporcionase este fertilizante, as leiras baixarían moito nos seus rendementos e, polo tanto, e sen entrar en máis matices, xa ben estudiaados, chégase doadamente á conclusión de que sen o monte non podería haber equilibrio nas explotacións campesiñas, onde o gando ademais ten un carácter polivalente (non especializado): as vacas dan leite, carne, traballan e mercantilizanse³.

A maioría dos montes de Galicia eran de titularidade e aproveitamento colectivo, con dúas variantes: montes de varas ou de voces, e montes veciñais.

Os montes de varas, aínda sendo abertos e de aproveitamento común, a súa propiedade estaba ligada a casas ou linaxes que o repartían mediante cotas transmisibles por herencia ou por venda.

* Alfredo Erias Martínez é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionario do Concello de Betanzos, desempeñando a dirección do Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino.

¹Agradezo ó Profesor Xesús Balboa López da Universidade de Santiago de Compostela as súas ensinanzas e indicacións en relación con este traballo.

Os montes veciñais caracterizábanse porque, tanto a súa titularidade como o seu aproveitamento estaban ligados ó feito de ser veciño dese lugar, non sendo, polo tanto, dereitos transmisibles⁴.

O CASO DO LUGAR DE MANGOÑO

O 19 de xuño de 1848, **Antonio López**, veciño do lugar de Mangoño, parroquia de Santo Tomé de Salto, concello de Oza dos Ríos (A Coruña), expón (a través do procurador Martínez) diante do xuíz de primeira instancia de Betanzos o problema en cuestión. Antes de nada, di que ten unha parte, das trece en total, dos montes do lugar de Mangoño e delimitaos coa maior precisión toponímica de que é capaz: "*Montes comunes del lugar de Mangoño, sitos en dicha Parroquia que principian en el Mojon do Couso y de aquí siguen al Marco longo y Fuente de Espiño, testando por el Norte con los labradíos y casas del citado lugar de Mangoño*". Engade que deles "*solo usaron y aprovecharon sus esquilmos y producciones los trece vecinos de que aquel [lugar] se compone*"⁵.

O que pretende este veciño no nome de todos (porque no decorrer do tempo verase que están sempre unidos) é que se faga "*division y partija de los citados Montes de Mangoño entre todos los vecinos de que se compone dicho lugar*", polo que, en consecuencia, solicita se nomeen peritos para levar iso a efecto.

A cousa parece doada e ese mesmo día o xuíz, **Don Ventura Antón Sedano** (que tamén se intitula, "*Ministro honorario de la audiencia de Sevilla*"), concede, mediante un "*auto*", o que o veciño de Mangoño pedía: que se nomeasen peritos e que se procedese "*a la division y Partija del monte*".

Nos seguintes días, tódolos veciños, un a un, pasan polo Xulgado de Primeira Instancia de Betanzos, onde din que están dacordo en facer a división e a partixa⁶ e ademais tamén acetan ó perito: un tal **Don Manuel de Castro**.

Pero ¿que desencadeou este proceso privatizador destes montes de inmemorial propiedade e utilización colectiva?

Coñecemos a *desnaturalización xurídica* e as *presións administrativas*⁷ que sufren os montes de veciños desde que se instaura en España o réxime liberal coa Consitución de 1812⁸, que eleva a categoría de principio básico a defensa da propiedade privada. Unha

²ARTIAGA REGO, Aurora y BALBOA LOPEZ, Xesús L. "La individualización de la propiedad colectiva: aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia. En: *Agricultura y Sociedad*, n. 65, Madrid, Ministerio de Agricultura Pesca y Alimentación, 1992, p. 102.

³BALBOA, Xesús. *O monte en Galicia*. Vigo, Xerais, 1990.

⁴Como din os Profesores Arteaga e Balboa (*Op. cit.*, p. 104): "*es la comunidad vecinal la depositaria del derecho de propiedad y no los individuos que en un momento determinado la forman. Nin que decir ten que este tipo de monte é o que máis abundaba en Galicia*".

⁵1848. *Partija de los montes comunes del lugar de Mangoño, Parroquia de San[to] Tomé de Salto, entre los trece vecinos ó casares de que se compone dicho lugar*". Arquivo Municipal de Betanzos, c. 3662.

⁶Ésta é a palabra utilizada nas Mariñas de Betanzos.

⁷É esta unha expresión que se atopa no libro do Profesor Balboa, xa citado, e tamén no traballo que éste fai en colaboración coa Profesora Artiaga, tamén citado.

⁸Sintetizo estes datos do artigo citado dos Profesores Arteaga e Balboa.


desnaturalización xurídica que xa viña apuntada no decreto do 14-I-1812, amplificado coa consolidación dos concellos liberais a partir dos anos 30 do s. XIX e que remata coa R. O. do 22-V-1848 na que se indica que os veciños non poden dispoñer soberanamente dos montes á marxe dos concellos⁹.

Nin que dicir ten que, chegados a este punto, os montes veciñais xa non son dos veciños nin de propiedade privada deles como habitantes do lugar, senon que son considerados comúns dos concellos (municipais, polo tanto) e bens amortizados. Isto quere dicir que poden ser obxecto de desamortización e, conseguintemente, de venda polo Estado¹⁰.

A desamortización non terá moito efecto en Galicia por unha confluencia de diversos factores: descoñecemento que a Administración tiña dos montes que había en Galicia; desinterés dos posibles compradores; oposición de concellos e deputacións, e oposición tamén dos sectores rendistas, en connivencia -esta vez- cos veciños, dos que recibían as rendas.

Pero todo isto vainos levando a datas tardías para explicar o caso de Mangoño, porque aquí, non o esquezamos, plantéxase o problema o 19 de xuño de 1848, algo menos dun mes despois da R. O. do 22 de maio dese ano, xa aludida.

¿Hai unha relación causa/efecto entre esa R. O. e o desencadeamento da teima individualizadora da propiedade en Mangoño? Pois ben, aínda que non é imprescindible, si é posible, sobre todo se temos en conta un feito curioso: o "*Perito con Real Aprobacion*" que elixen os veciños, **Don Manuel de Castro** ("*de edad mayor de treinta y cuatro años*"), é veciño deles, é dicir, da parroquia de Santo Tomé de Salto. Pero aínda hai máis, porque os outros veciños (os inimigos) teñen por "*Perito con Real Aprobacion*" a **Don Manuel Cachaza**,



⁹1º. *Que la legislación administrativa vigente no reconozca la diferencia que se pretende establecer entre los montes del común de los pueblos y los del común de los vecinos.*

2º. *Que es inadmisibile el principio de que los vecindarios por sí y con independencia absoluta de los Ayuntamientos y del Gobierno puedan disponer omnímodamente de dichos montes llamados del común de vecinos, asimilándolos con notoria equivocación á los de dominio particular.*

3º. *Que todos los montes de propios y comunes, cualquiera que sea la época y origen de su adquisición, están sujetos á las disposiciones generales que hoy rigen, en virtud de las cuales los vecinos no están autorizados para proceder al aprovechamiento de sus arbolados sino por medio de los Ayuntamientos, que son los administradores legítimos de los intereses comunales con arreglo á ley".* R. O. 22-V-1848. MARTÍNEZ ALCUBILLA, Marcelino. *Diccionario de la Administración Española*. Madrid, 1894 (5ª ed.), t. VIII, p. 223.

¹⁰ Vense considerando que a *Ley General de Desamortización* de 1855 é a que dá pé ó inicio do gran movemento individualizador en Galicia (paso da propiedade colectiva a individual), aínda que o caso de Mangoño pareza retrasar esta data. Naturalmente falta investigar máis casos para saber ata que punto este de Mangoño permite cambiar a regra ou é simplemente unha excepción.

veciño tamén de Salto, quen non terá máis remedio que acetar o nomeamento do seu rival á hora de facer a división e a partixa. Estes homes, enterados da lexislación e sabedores quizais doutros precedentes, encárganse de aleccionar ós veciños para buscar a mellor solución diante das presións do Estado, que, mediante a desamortización eclesiástica, xa se fixera alí cerca coas posesións do secular mosteiro de Cines e doutros de máis lonxe coma os de Bezanos, Monfero, Sobrado... O clima de inseguridade na posesión dos montes veciñais estaba abonado, en calquer caso, xa desde 1812, como xa se sinalou, e calquer motivo era bo para defender o monte. E defendelo era, inevitablemente, buscar o acceso á propiedade individual: perdíase a secular posesión e utilización colectiva, pero gañábase a seguridade de que o sistema liberal non atacaría unha propiedade individual recoñecida. Ese era o camiño e os veciños de Mangoño, nunha derradeira actuación colectiva, buscarían esa única salvación: o recoñecemento da propiedade individual a través dun reparto, dunha partixa do monte. Nese contexto, era doado que se deixaran levar (eles e os outros veciños) polos consellos dos peritos, interesados economicamente sen dúbida, pero obxectivamente bos, como se verá.

A causa inmediata, a que se expón, nembargantes, está no choque de intereses entre comunidades, isto é, entre lugares (que tamén se poderían chamar aldeas ou rúeiros) colindantes, xa sexan da mesma parroquia ou xa doutras (San Nicolás de Cines). Un problema de límites que, por outra parte, é moi común na historia da conflictividade agraria de Galicia. Aquí, as parroquias semellan ser entes superestructurais que non teñen mecanismos de actuación¹¹. Os protagonistas son comunidades máis pequenas, que teñen xeograficamente unhas características moi marcadas e que, desde logo, nos fan meditar sobre a realidade ancestral destas entidades, nas que os veciños manteñen fortes lazos de unión entre eles, non só pola proximidade, senon tamén por seren a maioría familiares e por manter seculares costumes de actuación colectiva, tanto no traballo, como nos xogos ou nas festas¹².

Viaxar a Mangoño chega para comprobar ben todo isto: un fermoso e húmido val, cheo de cultivos (a terra é rica), que cae de Este a Oeste e desde o que se divisa no horizonte (mirando a Occidente) o monte de Xalo. Nesa aldea están as trece casas (hoxe, algunhas máis) e, sobre todo, aínda aparece rodeado por montes: moi claramente polo Norte, polo Oeste (aquí linda cos montes de Cristín da parroquia de Cines) e polo Sur (os que foron os montes veciñais de que aquí se fala). A importancia do monte para aquela xente vese alí perfectamente e iso explica que os veciños se uniran na súa defensa nese ano de 1848 e seguintes. Unha unión e unha defensa que, por certo, aínda lembran algúns dos descendentes que alí siguen¹³.

¹¹De feito, a parroquia no sistema liberal perde todo protagonismo xurídico en favor do Concello, ente totalmente artificial.

¹²Quen nacera nunha destas aldeas de Galicia sabe ben que o Profesor Pegerto Saavedra atina cando di: "A parroquia é, diante de todo, unha circunscrición de carácter relixioso -en sentido moi amplo e non estrictamente ortodoxo- que foi utilizada ás veces para fins administrativos por parte das autoridades civís, pero a parroquia non é unha forma de hábitat, e as obrigas de carácter colectivo poucas veces teñen como referencia o marco parroquial, rexendo en cambio na aldea ou no lugar". Tomado do seu traballo: "Comunidades campesinas, xurisdiccions e partidos na Galicia da Idade Moderna". En: *Revista de Administración Galega*, 2, 1985, p. 115.

¹³Fixen unha viaxe a Mangoño a soleada mañá do 13 de febreiro de 1994. Falando cos veciños comprobei que aínda hoxe conservaban memoria dos acontecementos esenciais daquel tempo no que todos se tiveran que xuntar en defensa do monte. O Señor Otero díxome: "*Sejún din os vellos seique os de Cristín se querían meter no noso monte e aquí disque se apiñaron e que se puxeron dacordo e que o partiron e lles tocara unha tenza a cada un de 25 ferrados*".



O lugar de Mangoño na parroquia de Santo Tomé de Salto (Oza dos Ríos). Véxase o fermoso val agrícola, salpicado de casas, cos antigos montes veciñais ó fondo, mentres no horizonte (a occidente) se divisa o lonxano e granítico Monte de Xalo

¿En que consistiu, pois, este choque entre lugares colindantes? Así o conta A. López:

”... a pesar de que ningún otro de los restantes de la Parroquia tiene derecho á meterse en aquellos, o pretender parte en los mismos, subcede que por la pro-indivision en que está, intentan dividirlo y pedir se les adjudique una porcion de ellos como si pertenecieran al vecindario los del espuesto lugar de Mangoño, lo que la mía no puede consentir en ningún concepto, atento á que de hacerlo bendría á quedar este á inculco á causa de faltarle esquilmos para los estiércoles, puesto que hallándose dividida la Parroquia de Salto en muchos lugares, cada uno de estos tiene Montes sin que se tolere al de unos meterse en el de otros...”¹⁴

Os ferrados foron 34 en dúas tenzas en realidade, pero, básicamente, a memoria do feito sigue viva.

Foron eles tamén os que me contaron que cerca dalí, "en Cristín e en Mandaio fixéronse os Chavarrias cos máis dos montes". É ésta unha familia de banqueiros e industriais de Betanzos que efectivamente sigue a ter hoxe grandes cantidades de terras, produto, supoño, das vendas que seguiron ás desamortizacións do s. XIX.

Unha noticia curiosísima douma o Señor Antonio, de 81 anos, veciño tamén de Mangoño, pero que naceu en Mandaio: "Estuven en Asturias de soldado cando a Revolución [1934] e déronnos 80 pesos a cada un dos que fomos queimar a Fábrica de Armas de Oviedo, e con eses cartos meu pai comprou os montes; porque os montes comúns de Mandaio compráronos os veciños a 13 [duda] pts. o ferrado no ano 1933 ou 34".

¹⁴ 1848. Partija..." Op cit.

A cuestión permaneceu nese punto e pasou ese ano e o seguinte sen outras novidades ata que o 2 de agosto de 1850 o mesmo veciño, co seu procurador ó fronte, recapitula e insiste:

"... Así quedó el asunto paralizado por motivos que no son del momento, pero hoy no conbienne a mi parte esta paralización porque de ella solo siguen perjuicios de consideración y porque aprovechándose de esta inacción Antonio San Martín, Juan Vieites y Antonio García de dicha Parroquia de Salto y lugar da Beiga, acudieron también por la Escribanía de Caramés, pretendiendo la partija del mismo monte, cuando a él ningún derecho tienen ni les asiste.

Por ello pues, y reproduciendo estos antecedentes por retardados, Suplico á V. que habiéndolos por reproducidos se sirba mandar se haga saber a los citados vecinos del lugar de Mangoño el contenido de mi pretensión de diez y nueve de Junio del año de mil ochocientos cuarente y ocho y auto en su virtud proveído, para que ó bien accedan á ella, ó espongan a tercero día la razón justa que tengan para no hacerlo, y al Escribano Caramés, suspenda toda diligencia en su actuación, entregándola al presente, para unirla á su obrado y poder por su dependencia los interesados deducir de su derecho, ó en otro caso concurren ambos actuarios [os procuradores Caramés e Núñez] a la mesa del Juzgado con sus respectivos expedientes con el fin de acordar en su vista á cual de ellos corresponde el conocimiento, reserbando de hecho pedir y deducir lo mas que sea de justicia juro. Betanzos dos de Agosto de mil ochocientos cincuenta"¹⁵.

Un novo xuíz, **Don Manuel Gómez Costilla** ("*Juez de primera Instancia en esta Ciudad y su partido*") da curso ó asunto ese mesmo día e o 7 dese mes de agosto manda ó escribano **Don Antonio Benito Caramés** que poña na mesa do xulgado todo o que fixera en relación co tema.

Do "auto" do xuíz de 23-VIII-1850 dedúcese que Caramés (escribano que xa non vive o 3-VIII-1853) defende a uns veciños que se consideran con dereitos ós montes "*que radican en la Parroquia de San Nicolás de Cines*". É evidente, pois, que se trata dun problema de límites de lugares, complicado cos límites das parroquias e cos intereses dos veciños todos.

Desde o 3 de agosto de 1853 o procurador Martínez, informa ós veciños do estado da cuestión, pregúntalles se están dacordo coa partixa e a que perito queren para levala a cabo. Todos repiten a mesma resposta afirmativa que xa deran no 1848 e acetan o perito **Castro**¹⁶. Así pois, o 3 de setembro de 1853 o xuíz da por nomeado ó "*Perito electo Don Manuel de Castro*" quen acepta e xura desempeñar o encargo "*bien y fielmente sin fraude alguno*"¹⁷.

Don Manuel de Castro presenta no Xulgado de Primeira Instancia de Betanzos o 30 de novembro de 1853 o seu "*memorial y tasa de los montes vecinales correspondientes al*

¹⁵"1848. Partija..." *Op cit.*, p^o 3rv.

¹⁶Os notificados, por ser veciños ou ter intereses alí, foron: Antonio López, Antonio Rilo, Antonia Bello (viuda de Domingo Rocha "*como tutora de sus hijos*"), "*su hierno*" Nicolás do Pazo, Esteban Cancelo "*y en su ausencia a su hijo Francisco*", Ramon de Prado, José Boado, Juan de Otero, Dominga de Vales, Francisco Seoane (da parroquia de Santiago de Reboredo), Manuela de Prado (viuda de Ramon Diaz), Alberto Loureda (de San Martín de Brabio "*por la parte que hace a la casa que lleba el José Boado*"), "*y al Sr. Cura de Requián como apoderado del Presbítero Don Francisco Calbo*". Todos éstos tiveron que pasar polo xulgado de Betanzos, pero Don Manuel Vazquez Nuñez y Robles (cura-párroco de Oza), foi notificado persoalmente o 20-VIII-1853 polo procurador Martínez quen di: "*Ocupación de 6 horas. Doy fé que en pasar a la Parroquia de San Pedro de Oza, aguardar por la parte, instruirle del expediente, practicar la anterior diligencia hé ocupado mas de seis oras utiles de este día con el tiempo imbertido en regresar á esta Ciudad de Betanzos. Agosto veinte de mil ochocientos cincuenta y tres*". "1848. Partija..." *Op. cit.*, p^o 8-12.

¹⁷*Ibidem*, p^o 11-12.

Lugar de Mangoño terminos de Salto y que corresponden repartirse entre los trece casares ó fuegos existentes en dicho lugar de Mangoño...“:

1.- Primeramente, con presencia y señalamiento de todos los interesados, se reconoció todo el Monte que es correspondiente al Lugar de Mangoño en terminos de San Tomé de Salto que se nombra de Sobre da cafúa da Quenlla, Marco longo entre caminos, fuente carpintero, coto do Forgeiro y monte do Douso, que todo compone la sembradura de cuatrocientos ocho ferrados y confina por el Lebante con Monte que posee José Barreiro y Marco do Couso, Sur con el Monte de la Parroquia de Mandayo, Poniente con Monte del Lugar de Cristín que es de la Parroquia de Cines y Norte con el camino que viene de Cristín para Mangoño y cerraduras de Dominga Vales y Nicolasa do Pazo, su tasa ochocientos diez y seis reales.

2.- Otra de Monte que nombran dos Regos en el mismo Lugar de Mangoño y términos de Salto, sembradura ocho ferrados, que confina por el Lebante con Soto de Francisco de Vales, Sur Bartolomé Mosteiro, Poniente con Soto de José Ares, y Norte con los Pastos da Ribeira, su tasa diez y seis reales.

De manera que las dos partidas hacen en una ochocientos treinta y dos reales.

Poniéndose por cuerpo de vienes los mismos ochocientos treinta y dos reales valor de todo el monte...”¹⁸.

Unha vez máis desfilaron polo Xulgado os veciños de Mangoño¹⁹ para dicir, agora definitivamente que estaban conformes cos resultados do perito. Dos trece, seis saben asinar e así o fan. Polos demais asina un tal Antonio Santiso, que debía ser un amanuense do Xulgado. **Don Manuel Golpe y Nuñez**, “vecino de la Parroquia de San Pedro de Oza como herederero de Don Manuel Vázquez Nuñez y Robles” asina tamén, pero plantexa unha dúbida que nos resulta interesante, posto que non ten claro se lle incluíron na “operacion” “los montes que se cerraron de monte mayor”, polo que se reserva defender os seus supostos dereitos. A importancia da cita está en que eses “montes que se cerraron” presentan, a primeira vista, todo o aspecto dun apresamento de bens veciñais²⁰, un feito que, contemplado no conxunto de Galicia, tamén se podería considerar como primeirizo, posto que terá a súa maior expresión a partir da *Ley General de Deamortización* de 1855 e, sobre todo, despois da confección do *Catálogo* de 1862.

Finalmente, o perito **D. Manuel de Castro**, despois de dividir os montes en 27 parcelas, fai unha valoración xeral que eleva a 832 reais e adxudica a cada veciño 64 reais en forma de dúas parcelas de 17 ferrados cada unha. Un deles, precisamente Antonio Rilo, o que empezou o proceso, recibe 3 parcelas (68 ferrados en total) por ter dúas casas no lugar.

Desta forma remataba a partixa, se ben o pleito cos veciños dos lugares próximos semella que debeu seguir. De calquera maneira, o esencial xa estaba logrado: cambiou a forma de propiedade, pero os montes seguían alí e eran deles.

¹⁸*Ibidem*, pº 13vr.

¹⁹Don Domingo Galán y Neira, cura-párroco de Santiago de Requián, moi perto de Betanzos, “como facultado de Don Francisco Calbo, natural de Santiago” tivo, nesta ocasión, o privilexio de ser notificado na súa casa e para cobrar a minuta, o procurador Nuñez, con bastante esaxeración, declara haber empregado 6 horas, as mesmas que vimos para Oza, que está moito máis lonxe.

²⁰“Arrequentar” (meterse no monte e cerralo, xeralmente unindo a outro propio lindeiro) é o verbo que aínda hoxe empregan os veciños de Mangoño para referirse a estes apresamentos ou acotamentos que conservan na memoria.

CONCLUSIÓNS

1ª.- É evidente que os problemas de límites entre os montes veciñais de distintas comunidades (lugares, aldeas ou rueiros, non parroquias) son o factor desencadeante da individualización da propiedade que aquí se produce. Xunto a isto, hai tamén que suliñar o interese particular do veciño Antonio López, quen precisamente recibirá máis parcelas ó remate do proceso, en razón de ter dúas casas.

2ª.- A actuación dos veciños, tanto uns coma outros, faise sempre de xeito colectivo: litigan comunidades, por máis que no xulgado as dilixencias se fagan individuo a individuo.

3ª.- Este caso demostra que os veciños tiñan unha evidente inseguridade na posesión dos montes, derivada do establecemento do réxime liberal desde 1812 e o seu progresivo afianzamento ó longo do século. Tanto é así que o mesmo os veciños de Mangoño como os dos lugares limítrofes, pelexarán por cuestións de límites, pero están dacordo nunha cousa: todos queren entrar na individualización da propiedade do monte.

4ª.- Hai unha ignorancia absoluta (ou connivencia en favor dos campesiños) da legalidade vixente, tanto por parte do Concello de Oza (que desde logo non aparece neste expediente) como por parte do xuíz de 1ª instancia de Betanzos, que actúa como se non existise a RO de 1848 que municipaliza os montes de veciños. Unha ignorancia voluntaria e xeneralizada en Galicia, posto que os que mandan nos concellos e nos xulgados acostuman se-los mesmos que reciben as rendas dos campesiños, e estes mal poden pagarlas se lles quitan a base da súa economía: o monte. Será éste, polo tanto, un proceso que se repetirá por moitos anos en toda Galicia, onde as comunidades veciñais e os intereses dos poderosos son máis fortes que a artificiosidade dos concellos liberais, que, a diferenza de Castela, non se corresponden cunha comunidade veciñal, senon con moitas, xa sexan parroquias ou lugares. □

